

Cartografía

Hai na *Cartografía* de Arturo L. Regueiro unha minuciosa exploración interior, que pretende revelar por medio da palabra, a orografía do tempo e o desexo, os horizontes ignotos onde habitan o medo e a derrota. Aqueles territorios nunca delimitados nin espoliados polos homes, pero si experimentados e padecidos por eles mesmos nos tortuosos camiños da vida.

O esquema morfolóxico do libro posúe unha certa distribución espacial e asimétrica dos poemas, caracterizada pola diversidade paisaxística e a interposición continua de distintas xeografías.

Cartografía é a lacónica historia do destemido "Tigre de Berdoias" que sobreviviu "as brñas e o exilio" á ritmo de rock'n'roll, demarcando con grandes doses de nostalxia e rebeldía ó seu propio e peculiar mapamundi.

O libro consta de tres partes perfectamente diferenciadas. Na primeira delas o autor fai un percorrido memorialista pola súa nenez, engadindo pequenos retallos referidos á realidade inmediata vixente naquel entón e os diversos aspectos (lingüísticos, xeográficos e humanos) que logo influirán nel de forma decisiva.

Nunha grande parte e coa descuberta dun mundo inhóspito e cruel en exceso, onde as únicas luces de situación son "a dor e a xeografía", pálpase un desencanto afogado con hábitos etílicos e unha ironía enmudecida polo blues e o rock'n'roll, como singular e homoxénea mistura para sobrevivir e compartir o pouco que o poeta posúe "o seu tempo e o horizonte".

A última parte, na que tiven a ben dividir a presente obra, emerxe por todo o poemario baixo o título de "Ordenación do Territorio", e vai aportando mediante unhas manifestacións aforísticas, pero tremendamente poéticas, a suficiente auga para que o caudal principal da obra se consolide e desemboque nun espléndido apoxeo de fusión entre dúas augas.

Hai nalgúns poemas de Arturo Regueiro certa desesperación platónica que tende a un silandei-ro e absurdo sufrimento. Noutros casos o sexo e a promiscuidade manifestase en cada verso con abundosa e máis que suficiente carga sensual,

pero sen eliminar do contexto certo ámbito romántico e irónico ata a saciedade. Posúe a *Cartografía* de Arturo L. Regueiro as xeografías necesarias para establecerse con seriedade e perpetuar a palabra baixo a conspicua mirada do poeta. Que xa escribira A. de Saint-Exupéry:

"-As xeografías -dixo o xeógrafo- son os libros máis serios de tódolos libros. Nunca pasan de moda. E moi raro que unha montaña cambie de sitio. E moi raro que un océano se baleire. Nós anotamos cousas eternas".

Bukowski, John Denver, Dylan Tomas, Van Morrison, Leonard Cohen, Tom Waits, Ry Cooder, Flewood Mc, Sam Shepard...

Velaí o itinerario máis curto para acceder ós versos de Arturo. Velaí unha xenealoxía, supostamente allea, que moitos de nós adoptamos como propia. *Cartografía* é pois o legado biográfico dunha xeración mantida na ambigüidade sentimental do amor pola Nosa Terra e a universalidade da poesía.

L. Regueira, Arturo: *Cartografía*. Ed. Sociedade de Cultura Valle-Inclán, Col. "Espíto de Poesía", Ferrol, 1994. 68 páxinas.